



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SOBRADO

Edicto sobre exposición pública e notificación colectiva do padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos do ano 2026

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía do 04/06/2026 aprobouse o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos correspondente ao exercicio 2026, por importe de 110.208,00 euros, o cal se expón ao público durante o prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP da Coruña, para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. O presente anuncio servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no art. 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Dado que a taxa pola recollida de residuos sólidos é un tributo coa recadación delegada na Deputación Provincial da Coruña, será o seu correspondente servizo quen estableza os prazos e forma de ingreso en período voluntario, advertíndose que, transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario sen que se efectuara o pagamento, as débedas esixiránse polo procedemento de prema prevista nos artigos 163 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nos artigos 70 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, devengándose as recargas correspondentes así como os intereses de demora.

Contra o acto de aprobación do Padrón, os interesados poderán interpor recurso de reposición ao que se refire o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ao público do Padrón Fiscal. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses contados da notificación. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que recaese resolución expresa do mesmo, entenderase desestimado e poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estime conveniente ao seu dereito.

Sobrado, 4 de xuño de 2026.

O Alcalde

Asdo. Luís Lisardo Santos Ares

2026/3813